<ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> <li>h</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.11. Noso patrimonio histórico e cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e valora a súa conservación e mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.12. Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. Elaboración dunha guía dun museo próximo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSB4.6.1. Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Valora a importancia de museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e a súa cultura, apreciando a herdanza cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso</li> </ul>

## Área Matemáticas

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
<b>BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS</b>						
b g	B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.	B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MTB1.1.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.	CMCT CAA		
b g	B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.	B1.2 Coñecer algunhas características do método do traballo científico en contextos de situacións problemáticas a resolver.	MTB1.2.1. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso.	CMCT CAA	Realiza estimacións.	Todo o curso.
b e g	B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e	B1.3. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.3.1. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso.	CMCT CSIEE CAA	Aplica as estratexias para a resolución de problemas aprendidas na aula.	Todo o curso.





	afrontar as dificultades propias do traballo científico.		MTB1.3.2. Iniciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas.	CMCT CAA CCL	Formula preguntas que lle axudan a dirixir a súa acción cara a busca de respostas.	Todo o curso.
bg	B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos	B1.4. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	MTB1.4.1. Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa	CMCT CAA CSIEE	Toma decisións na resolución de problemas e valora a súa conveniencia.	Todo o curso.
ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
	numéricos, resolver problemas e presentar resultados.		conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.			
bg	B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.5. Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións semellantes futuras.	MTB1.5.1. Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvoltos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes.	CMCT CAA CSIEE	Reflexiona sobre os problemas resoltos, extrae as ideas clave e reproduce procesos levados a cabo en situacións semellantes.	Todo o curso.
BLOQUE 2. NÚMEROS						



b e g	B2.1. Números enteiros, decimais e fraccións.	B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos,	MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.	CMCT CCEC	Identifica os números romanos en datacións.	3º trimestre
-------------	---	---	---	--------------	---	--------------



ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
h	<p>B2.2. A numeración romana.</p> <p>B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.</p> <p>B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.</p> <p>B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.</p> <p>B2.6. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.</p> <p>B2.7. O número decimal: décimas, centésimas e milésimas.</p> <p>B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica.</p>	naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT CAA CCL	<p>Le e escribe números naturais de máis de 6 cifras.</p> <p>Le e escribe fraccións.</p> <p>Le e escribe números decimais ata as milésimas.</p>	<p>1º Trimestre</p> <p>1º Trimestre</p> <p>2º Trimestre</p>



	<p>B2.9. Os números decimais: valor de posición.</p> <p>B2.10. Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.</p>					
--	---	--	--	--	--	--



ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
b e g	<p>B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.</p> <p>B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.</p> <p>B2.11. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo.</p> <p>B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica.</p> <p>B2.9. Os números decimais: valor de posición.</p> <p>B2.12. Redondeo de números decimais ás décima, centésima ou milésima máis próxima.</p>	<p>B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p>	<p>MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p>	<p>CMCT CAA CCL</p>	<p>Interpreta o valor de posición dos números naturais de máis de 6 cifras.</p> <p>Interpreta o valor de posición dos números decimais ata as milésimas.</p>	<p>1º Trimestre</p> <p>2º Trimestre</p>
			<p>MTB2.2.2. Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros.</p>	<p>CMCT</p>	<p>Ordena fraccións de igual e distinto denominador.</p> <p>Transforma un número decimal en fracción e viceversa.</p> <p>Ordena números decimais representándoos na recta numérica.</p>	<p>1º Trimestre</p> <p>1º Trimestre</p> <p>2º Trimestre</p>



	B2.13. Redondeo de números naturais ás decenas, centenas e millares.					
--	--	--	--	--	--	--

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
g	<p>B2.14. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador.</p> <p>B2.12. Redondeo de números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</p> <p>B2.15. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións.</p>	<p>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.</p>	CMCT	<p>Reduce dúas fraccións a común denominador.</p> <p>Calcula unha fracción equivalente a outra.</p>	<p>1º Trimestre</p> <p>1º Trimestre</p>
			<p>MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</p>	CMCT	<p>Redondea números decimais á décima.</p>	2º Trimestre
			<p>MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.</p>	CMCT		
b e g	<p>B2.16. Estimación de resultados.</p>		<p>MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</p>	CMCT	<p>Utiliza a xerarquía das operacións.</p>	<p>Todo o curso</p>



	B2.17. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas. B2.18. Propiedades das operacións e relacións	B2.4. Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.	CMCT CCL	Resolve problemas con números naturais. Resolve problemas con fraccións. Resolve problemas con números decimais.	1º Trimestre 1º Trimestre 2º Trimestre
--	--	--	--	-------------	--	--





ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
	entre elas utilizando números naturais.		MTB2.4.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.	CMCT CAA	Comproba os resultados mediante diferentes estratexias.	Todo o curso
g	B2.19. Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división. B2.20. Identificación e uso dos termos propios da división. B2.21. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais. B2.22. Operacións con fraccións. B2.23. Operacións con números decimais. B2.24. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.	B2.5. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	MTB2.5.1. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.  MTB2.5.2. Realiza operacións con números decimais.	CMCT  CMCT	Suma e resta fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.  Suma e resta números decimais. Realiza o produto dun número decimal por un número natural.	1º Trimestre  1º Trimestre  2º Trimestre 2º Trimestre



b g	B2.16. Estimación de resultados. B2.24. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.	B2.6. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.	CMCT CAA	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división en resolución de problemas e en situacións cotiás.	Todo o curso
--------	---	--	--	-------------	---	--------------

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
	B2.25. Automatización de algoritmos. B2.26. Descomposición de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa.  B2.27. Descomposición de números naturais atendendo o valor de posición das súas cifras. B2.28. Construción de series ascendentes e descendentes. B2.29. Obtención dos primeiros múltiplos dun número dado. B2.30. Obtención de todos os divisores de calquera número menor 100. B2.31. Descomposición de números decimais atendendo o valor de		MTB2.6.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.	CMCT	Descompón números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.	1º Trimestre
			MTB2.6.3. Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar.	CMCT		
			MTB2.6.4. Calcula os primeiros múltiplos dun número dado.	CMCT	Calcula os primeiros múltiplos dun número dado.	Todo o curso
			MTB2.6.5. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.	CMCT	Calcula os divisores dun número dado.	Todo o curso
			MTB2.6.6. Calcula o mcm e o mcd.	CMCT		
			MTB2.6.7. Descompón números decimais atendendo o valor de posición das súas cifras.	CMCT	Descompón números decimais ata a milésima.	2º Trimestre
			MTB2.6.8. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.	CMCT CAA	Emprega estratexias de cálculo mental	Todo o curso



	posición das súas cifras. B2.32. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.		MTB2.6.9. Estima e redondea o resultado de un cálculo valorando a resposta.	CMCT CAA	Redondea o resultado dun cálculo valorando a resposta.	Todo o curso
--	---	--	---	-------------	--	--------------

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
	B2.33. Utilización da calculadora.					
b e g	B2.17. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas. B2.34. Resolución de problemas da vida cotiá.	B2.7. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.7.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.	CMCT CAA CCL CSIEE		
			MTB2.7.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.			
BLOQUE 3. MEDIDA						



b e g	B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude,	MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma	CMCT CCL CAA	Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies. Elixo a unidade e os instrumentos máis	2º Trimestre  2º Trimestre
-------------	--	--	---	--------------------	--	----------------------------------

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
	B3.2. Realización de medicións. B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades, masas e superficies de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.	capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.	oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.		axeitados para medir e expresar unha medida.	
			MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	CMCT CAA		
9	B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude. B3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada. B3.6. Comparación de superficies de figuras planas por superposición,	B3.2. Operar con diferentes medidas.	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	CMCT	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple.	2º Trimestre
			MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.	CMCT	Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.	2º Trimestre



	descomposición e medición.		MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.	CMCT	Compara medidas dunha mesma magnitude.	Todo o curso
--	----------------------------	--	---	------	--	--------------





ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
	B3.7. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume.		MTB3.2.4. Compara superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.	CMCT		
g	B3.8. Unidades de medida do tempo e as súas relación. B3.9. Equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos. B3.10. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais. B3.11. Cálculos con medidas temporais.	B3.3. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.3.1. Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.	CMCT	Realiza transformacións entre horas, minutos e segundos.	2º Trimestre



g	B3.12. O sistema sesaxesimal. B3.13. O ángulo como unidade de medida dun ángulo. Medida de ángulos.	B3.4. Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.	MTB3.4.1. Identifica o ángulo como medida dun xiro ou abertura.	CMCT	Identifica distintos tipos de ángulos segundo a súa medida.	3º Trimestre
	MTB3.4.2. Mide ángulos usando instrumentos convencionais.		CMCT	Mide ángulos usando o transportador.	3º Trimestre	



ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
b g	B3.14. Resolución de problemas de medida.	B3.5. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB3.5.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando... e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.	CMCT CAA CSIEE	Resolve problemas de medida.	2º Trimestre
<b>BLOQUE 4. XEOMETRÍA</b>						
g	B4.1. Posicións relativas de rectas e circunferencias. B4.2. Ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice... B4.3. Sistema de coordenadas cartesianas. Descrición de posicións e movementos.	B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	MTB4.1.1. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...	CMCT	Identifica ángulos consecutivos, adxacentes e opostos polo vértice.	3º Trimestre
			MTB4.1.2. Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.	CMCT	Identifica simetrías entre figuras planas.	3º Trimestre
			MTB4.1.3. Realiza ampliacións e reducións.	CMCT		



	B4.4..A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas.					
--	--	--	--	--	--	--

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
b g	B4.5. Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación. B4.6. Clasificación de triángulos atendendo aos seus lados e os seus ángulos.	B4.2. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.	MTB4.2.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.	CMCT	Calcula o perímetro de figuras planas. Calcula a área do rectángulo, cadrado e triángulo.	3º Trimestre  3º Trimestre
			MTB4.2.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.	CMCT CAA		
g	B4.7. Clasificación de cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos. B4.8. Concaidade e convexidade de figuras planas. B4.9. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.	B4.3. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.	MTB4.3.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.	CMCT	Identifica os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.	3º Trimestre
			MTB4.3.2. Utiliza a composición e descomposición para formar figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras.	CMCT		

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
b e g	B4.10. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	B4.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB4.4.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando, e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.	CMCT CAA CCL CSIEE	Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados.	3º Trimestre
			MTB4.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.			
BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE						



b g	B5.1. Construción de táboas de frecuencias absolutas e relativas.	B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	MTB5.1.1. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.	CMCT CAA		
--------	---	---	---	-------------	--	--

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
	<p>B5.2. Iniciación intuitiva ás medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.</p> <p>B5.3. Realización e interpretación de gráficas sinxelas: diagramas de barras, poligonais e sectoriais.</p>		MTB5.1.2. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.	CMCT CAA	Realiza gráficos moi sinxelos con datos obtidos de situacións moi próximas.	Todo o curso
b e g	B5.4. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.	B5.2. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.	MTB5.2.1. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.	CMCT CAA CCL	Analiza a información representada por medio de gráficos moi sinxelos.	Todo o curso
b g	B5.5. Carácter aleatorio dalgúns experiencias.	B5.3. Observar e constatar que hai sucesos imposibles, sucesos que	MTB5.3.1. Identifica situacións de carácter aleatorio.	CMCT		



		con case toda seguridade prodúcense ou que se repiten, sendo máis ou menos probable esta repetición.	MTB5.3.2. Realiza conxecturas e estimacións sobre algúns xogos (moedas, dados, cartas, loterías...).	CMCT CAA	Identifica suceso imposible, suceso seguro e valora maior ou menor probabilidade en algún xogo sinxelo (moedas, dados)	3º Trimestre
--	--	--	--	-------------	--	--------------

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Temporalización
b e g	B5.6. Iniciación intuitiva ao cálculo da probabilidade dun suceso.	B5.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB5.4.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.	CMCT CAA CCL CSIEE	Resolve problemas sinxelos que impliquen contidos propios da estatística e probabilidade	3º Trimestre
			MTB5.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.	CMCT CAA CCL CSIEE		

## Área lingua castelá

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
<b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B.1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao grao de formalidade dos contextos nos que produce o seu discurso: debates, exposicións planificadas, conversas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Emprega linguxe oral adecándooas ao tipo de rexistro no qu se desenvolv a situación comunicativa (formal ou informal)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.1.2. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Expresa ideas, pensamentos, opinions, sentimentos e emocións con claridade en situacións comunicativas que se dan na clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.1.3. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Escoita, espera e respecta as quendas de conversa e respecta as normas básicas de cortesía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B.1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala nas producións propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.2.1. Emprega recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais, recoñecendo o valor complementario e modificador destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Emprega recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume axeitados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas e volume axeitados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.2.3. Interpreta de forma global o sentido de elementos básicos do texto (léxico e locucións).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Interpreta textos de xeito global a partir dos elementos básicos ( título, léxicos, ilustracións, estrutura do texto).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario axeitado e estrutura coherente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.3.1. Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Expresa as súas ideas de xeito comprensible.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.3.2. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación:               <ul style="list-style-type: none"> <li>- diálogos</li> <li>-exposicións orais seguindo modelos e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exprésase os seus pensamentos seguindo unha orde lóxica en dita exposición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.3.3. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participa nas tarefas individuais ou colectivas da aula cooperando no traballo conxunto e mostra unha actitude respectuosa e correcta cara os demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Dedución das palabras polo contexto. Interese pola ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.4.2. Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Intenta diferenciar o contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais, e identificar ideas ou valores non explícitos accesibles á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.5.1. Comprende a de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comprende de forma global a información principal de textos orais propios do contexto escolar e social identificando o tema e as ideas principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía de textos orais atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñece a tipoloxía de textos orais atendendo á forma da mensaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión interpretativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.5.4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Emprega a información recollida para realizar traballos individuais e/ou colectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Memorizar e reproducir textos axeitados á súa idade, seus gustos e intereses, utilizando con creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.6.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios e propios, axeitados aos seus gustos e intereses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios e propios, axeitados aos seus gustos e intereses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Producción de textos orais segundo a súa tipoloxía segundo os diferentes formatos e intencións comunicativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.7.1. Elabora comprensiblemente textos orais do ámbito escolar e social e de diferente tipoloxía, seguindo unha secuencia lineal, adecuados ao nivel e imitando modelos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Produce textos orais breves propios do contexto escolar e social seguindo as pautas traballadas na aula para a súa creación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
		argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.7.1. Organiza e planifica o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos(narrar, expoñer, describir, informarse, dialogar)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, para obter información e verificar a comprensión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Emprega a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa , pregunta repregunta para obter información e verificar a comprensión</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.8.2. Participa en enquisas e entrevistas, asegurándose mediante preguntas adecuadas, da comprensión propia e por parte da persoa interlocutora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participa en enquisas e entrevistas, asegurándose da comprensión propia e por parte da persoa interlocutora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.8.3. Participa en debates explicando as súas opinións e ideas, emitindo xuízos persoais fundamentados sobre os temas e coa profundidade propia da súa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participa en debates explicando as súas opinions e ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>



ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
			idade.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.9.1. Resume entrevistas, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realiza resumos de pequenos textos destacando o tema e ideas principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.9.2. Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º Trimestre</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.9.3. Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas de interese, seguindo modelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elabora entrevistas seguindo modelos.</li> <li>▪ Todo o curso</li> </ul>	
<b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Lectura en silencio e voz alta de distintos tipos de texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Ler, en voz alta e en silencio, diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB2.1.1. Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Le diferentes tipos de textos apropiados a súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.1.2. Lee en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Le en silencio textos de diferente complexidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.1.3. Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do ámbito escolar e social:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comprende a información relecante de diferentes tipos de texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.1.4. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>
			VSCB2.3.3. Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo.	CCL CSC CL CSC	Participa nun diálogo de forma adecuada ao interlocutor e ao contexto.	Todo o curso
			VSCB2.3.4. Recoñece os elementos que bloquean a comunicación en diferentes situacións.		Recoñece os elementos que bloquean a comunicación.	Todo o curso



e m	B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando	B2.4.Empregar a aserción.	VSCB2.4.1. Realiza unha defensa tranquila e respectuosa das posicións persoais.	CCL CSC CSIEE	Defende a súa posición persoal de forma tranquila e respectuosa cos demais.	Todo o curso
--------	---	---------------------------	---	---------------------	---	--------------



ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
	estratexias de comunicación construtivas.		VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva.	CCL CSC	Emprega a linguaxe positiva.	Todo o curso
b m	B2.5.O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda.	B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.	VSCB2.5.1. Infire, de xeito guiado, e dá o sentido adecuado á expresión das demais persoas.	CCL CSC	Infire, de xeito guiado, e interpreta axeitadamente a expresións das demais persoas.	Todo o curso
			VSCB2.5.2. Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.	CCL CSC CAA	Identifica aspectos comúns entre as ideas e opinións, propias ou alleas.	Todo o curso
c m	B2.6. A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	B2.6. Establecer relacións interpersonais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.6.1. Interacciona con empatía.	CSC CCL CSIEE	Amosa empatía polas demais persoas.	Todo o curso
			VSCB2.6.2 Emprega diferentes habilidades sociais.	CSC	Emprega habilidades sociais nas súas interaccións.	Todo o curso



a o	B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen	B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	VSCB2.7.1. Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais.	CSC	Valora positivamente as diferenzas culturais.	Todo o curso
--------	---	---	---	-----	---	--------------

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
	sentimentos positivos ou negativos no alumnado. B2.8. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio.					
c m	B2.9. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. B2.10. Creación de textos empregando a linguaxe verbal e non verbal para comunicar ideas, sentimentos e situacións.	B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.	CSC CSIEE	Participa en dinámicas de grupo.	Todo o curso
			VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	CSC CSIEE	Establece relacións de amizade coas compañeiras e compañeiros.	Todo o curso
			VSCB2.8.3. Consegue a aceptación dos compañeiros e compañeiras.	CSC CSIEE	Esfórzase por conseguir a aceptación dos compañeiros/as.	Todo o curso



			VSCB2.8.4. Expón en historias creativas as características da relación da amizade.	CCL CSC CCEC CD CAA	Inventa historias que exemplifican as características das relacións de amizade.	Todo o curso
BLOQUE 3. CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS						

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
b m	B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas.  B3.2 Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisións.	B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	CSC CSIEE	Colabora coas demais persoas na resolución de problemas e na elaboración de proxectos.	Todo o curso
			VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	CSC CSIEE	Comparte puntos de vista e sentimentos na interacción social cotiá.	Todo o curso
b	B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración.	B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	VSCB3.2.1. Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	CAA CSIEE CSC	Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda.	Todo o curso
			VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.	CAA CSIEE CSC	Pide axuda cando o precisa.	Todo o curso

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
	<p>Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos.</p> <p>B3.4. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa.</p>		VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	CSC	Respecta as regras cando traballa en equipo.	Todo o curso
a	<p>B3.5. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.</p>	<p>B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.</p>	<p>VSCB3.3.1. Argumenta a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social.</p>	CCL CSC	Comprende a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social.	Todo o curso
<p>VSCB3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula.</p>			CCL CSC CSIEE	Colabora na elaboración das normas de convivencia de aula.	Todo o curso	
<p>VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar.</p>			CSC	Respecta as normas do centro escolar.	Todo o curso	



c m	B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As	B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito	VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo.	CSC CSIEE	Resolve os conflitos de modo construtivo empregando estratexias aprendidas.	Todo o curso
--------	---	--	--	--------------	---	--------------

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
	fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.	en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.2. Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións.	CSC CSIEE	Participa en situacións de mediación, reais e/ou simuladas.	Todo o curso
VSCB3.4.3. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.			CCL CSC	Utiliza linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos.	Todo o curso	
VSCB3.4.4. Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.			CSC CSIEE	Identifica os puntos de vista diferentes entre as partes en conflito.	Todo o curso	
d	B3.7. A responsabilidade social e a xustiza social. Identificación e análise crítico das causas que provocan situacións de marxinação, de discriminación e de inxustiza social.	B3.5. Comprender o sentido da responsabilidade social e a xustiza social empregando a capacidade de reflexión, síntese e estruturación.	VSCB3.5.1. Razona o sentido da responsabilidade social e da xustiza social.	CAA CSC		
			VSCB3.5.2. Identifica e analiza criticamente desigualdades sociais.	CSC CSIEE	Identifica desigualdades sociais.	Todo o curso





			VSCB3.5.3. Describe condutas solidarias.	CSC CCL	Describe condutas solidarias.	Todo o curso
--	--	--	--	------------	-------------------------------	--------------

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
a m	B3.8. Desenvolvemento de actitudes de comprensión, de superación de prexuízos e de estereotipos, de cooperación e de solidariedade ante problemas e necesidades doutras persoas. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas.	B3.6. Practicar o altruísmo no contorno próximo sensibilizando sobre o seu valor.	VSCB3.6.1. Amósase xeneroso no seu contorno próximo.	CSC	Amósase xeneroso/a no seu contorno próximo.	Todo o curso
			VSCB3.6.2. É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos.	CCL CSC CSIEE	Realiza unha exposición oral sobre unha causas altruísta escollida por el/ela.	Todo o curso
			VSCB3.6.3. Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa	CSC CSIEE	Colabora en causas altruístas postas en marcha desde o centro educativo.	Todo o curso
a m	B3.9. Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato.	B3.7. Crear un sistema de valores asumindo os dereitos e deberes do alumnado, realizando xuízos morais de situacións escolares e resolvendo dilemas morais con supostos prácticos.	VSCB3.7.1. Coñece e respecta os dereitos e deberes do alumnado.	CSC	Coñece e respecta os dereitos e deberes do alumnado.	Todo o curso
			VSCB3.7.2. Realiza xuízos morais, de xeito guiado, de situacións escolares.	CSC CSIEE	Realiza xuízos morais, de xeito guiado, de situacións escolares.	Todo o curso



	Exclusión de minorías étnicas, os campos de concentración, o holocausto. Os dereitos e deberes do alumnado.		VSCB3.7.3 Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a	CSC CSIEE		
--	---	--	--	--------------	--	--

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
			seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas.			
a d	B3.10. Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato. Exclusiones das minorías.	B3.8. Respetar os valores universais comprendendo a necesidade de garantir os dereitos básicos de todas as persoas.	VSCB3.8.1. Argumenta o carácter universal dos dereitos humanos.	CSC CCL	Coñece os dereitos humanos básicos e comprende a importancia de que todas as persoas gocen deles.	1º Trimestre
			VSCB3.8.2. Expón a importancia de que todas as persoas gocen dos dereitos básicos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica.	CSC CCL		
			VSCB3.8.3. Axuíza criticamente as circunstancias de persoas que viven en situacións de privación dos dereitos básicos.	CSC CSIEE	Amósase crítico/a con situacións de privación dos dereitos básicos.	Todo o curso



a d	B3.11. Convivencia pacífica en sociedade e valores nos que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura de paz. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que	B3.9. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal	VSCB3.9.1. Argumenta e expón mediante imaxes a importancia de garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	CCL CCEC CSC	Expón de xeito oral e/ou escrito, utilizando imaxes, a importancia de garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento,	1º Trimestre
--------	---	---	---	--------------------	---	--------------



ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
	<p>facilitan e dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais.</p> <p>B3.12. Formas de discriminación: racismo, xenofobia, homofobia, transfobia, desigualdade de oportunidades.</p> <p>B3.13. Feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, campos de concentración, o holocausto e segregación por enfermidade. Análise.</p>	ou social, aplicándoa á análise do contorno social.			raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	
			VSCB3.9.2. Descubre e axuíza criticamente casos próximos de desigualdade e discriminación.	CSC CSIEE	Amósase crítico/a con casos próximos de desigualdade e discriminación.	Todo o curso
d m	B3.14. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.	B3.10. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidades de homes e mulleres.	VSCB3.10.1. Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.	CSC CSIEE	Amósase crítico/a con actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.	Todo o curso
			VSCB3.10.2. Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares.	CSC CSIEE	Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares.	Todo o curso

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
			VSCB3.10.3. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	CSC CSIEE	Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	Todo o curso
a	B3.15. Os valores sociais e a democracia. Os principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española. Dereitos e deberes. Características que debe posuír unha sociedade democrática.	B3.11. Respetar os valores socialmente recoñecidos, coñecendo e apreciando os valores do Estatuto de autonomía e da Constitución española e os Dereitos e Deberes do Estatuto de autonomía e da Constitución española. Coñecer as institucións, organización e servizos públicos que garanten os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás no seu contorno.	VSCB3.11.1. Reflexiona sobre os dereitos e deberes da Constitución Española.	CSC	Reflexiona sobre os dereitos e deberes da Constitución Española.	1º Trimestre
			VSCB3.11.2. Expresa a importancia de garantir os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás do seu contorno.	CSC CCL	Expresa de xeito oral e/ou escrito, a importancia de garantir os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	1º Trimestre
			VSCB3.11.3. Participa no benestar da contorna próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	CSC CSIEE	Colabora no benestar da comunidade practicando os seus deberes como cidadán ou cidadá.	Todo o curso



a	B3.16. Características da convivencia democrática. Valores cívicos na sociedade democrática: respecto, tolerancia, solidariedade,	B3.12. Coñecer e expresar as notas características da convivencia democrática e a importancia dos valores cívicos na sociedade	VSCB3.12.1. Expresa as notas características da convivencia democrática.	CSC CCL	Expresa, de xeito oral e/ou escrito, as características da convivencia democrática.	1º Trimestre
---	--	--	--	------------	---	--------------



ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
	xustiza, cooperación e cultura de paz.	democrática realizando razoamentos críticos.	VSCB3.12.2. Argumenta a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática.	CSC CCL	Amósase crítico/a con actitudes de falta de civismo.	Todo o curso
h o i	B3.17. O respecto e a conservación do medio ambiente. A actitude crítica ante a falta de respecto e conservación do medio ambiente.  B3.18 Realización e interpretación de gráficos sinxelos	B3.13. Contribuír á conservación do medio ambiente mantendo unha actitude crítica ante as faltas de respecto.	VSCB3.13.1. Analiza, explica e expón as causas e consecuencias da intervención humana no medio.	CSC CSIEE	Analiza as causas e consecuencias da intervención humana no medio.	2º Trimestre
			VSCB3.13.2. Investiga criticamente a intervención humana no medio ambiente e comunica os resultados.	CSC CAA CSIEE CMCT	Amósase crítico/a coa a intervención humana no medio ambiente.	Todo o curso
			VSCB3.13.3. Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio ambiente.	CSC CCL	Argumenta a favor da defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio ambiente.	2º Trimestre
a i	B3.19. Condutas responsables no uso das TIC: autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético. Análise da realidade que	B3.14. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.	VSCB3.14.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.	CD CSC	Entende a importancia de usar de forma ética as novas tecnoloxías ao seu alcance.	Todo o curso



ÁREA		VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	QUINTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
	presentan os medios de comunicación para desenvolver a capacidade crítica e responsable.		VSCB3.14.2. Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías.	CSC CD	Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías.	Todo o curso
n	<p>B3.20. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e dos grupos de risco nos accidentes de tráfico.</p> <p>B3.21. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.</p>	B3.15. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.	VSCB3.15.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia e a promoción do respecto das normas de educación viaria.	CSC CSIEE	Colabora en campañas escolares sobre a importancia e a promoción do respecto das normas de educación viaria.	3º Trimestre
			VSCB3.15.2. Analiza información na prensa en relación cos accidentes de tráfico.	CSC CCL CMCT CD		
			VSCB3.15.3. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.	CSC CD CAA		



			VSCB3.15.4.Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	CSC CCL CMCT CD		
--	--	--	--	--------------------------	--	--

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles	Temporalización
n	B3.22. Busca, selección, análise e elaboración de informacións en relación cos accidentes de tráfico. B3.23. Comunicación da información elaborada por diferentes medios B3.24. Identificación de actitudes e estratexias individuais e colectivas de prevención de riscos viarios.	B3.16. Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xerando iniciativas e alternativas persoais.	VSCB3.16.1. Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación.	CSC CSIEE CAA CMCT	Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación.	3º Trimestre
			VSCB3.16.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións.	CSC CCL	Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e explica as principais medidas a adoptar para a súa prevención.	3º Trimestre
			VSCB3.16.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico.	CSC CCL CSIEE		3º Trimestre

## 5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para conseguir unha avaliación o máis adecuada e obxectiva posible, empregaranse os seguintes procedementos de avaliación:

**Observación sistemática:** levarase a cabo no día a día da aula e concretarase no Diario de clase e no rexistro anecdótico. Estes recursos de avaliación permitirán coñecer o desenvolvemento pormenorizado das sesións e valorar, principalmente aínda que non de xeito único, os aspectos actitudinais e sociais que se consideran avaliábeis nos contidos curriculares e que están recollidos nos estándares de aprendizaxe.

**Análise das producións do alumnado:** que abarcan resumos, traballos de síntese, o caderno de aula de cada materia, as actividades concretas de resolución de problemas, as producións escritas, orais ou plásticas, pequenas investigacións, entrevistas, asembleas, debates e a posta en común. Todos estes recursos de avaliación, teranse en conta en todas as áreas do currículo.

**Intercambios orais co alumnado:** mediante entrevistas, asembleas, debates e a posta en común.

**Probas específicas:** que poderán ser obxectivas (con preguntas concretas, resposta alterna, de complementación...), abertas (nas que deban construír a resposta), de interpretación de datos, de resolución de exercicios e/ou problemas ou breves exposicións escritas.

A continuación recóllese unha listaxe dos instrumentos de avaliación que empregaremos para determinar o grao de adquisición dos distintos estándares de aprendizaxe. Aínda que están recollidos de forma xeral, cada un deles adaptarase na práctica a cada asignatura e ás necesidades de cada alumno/a.

**Rexistro anecdótico:** no que se rexistrarán comportamentos destacados de cada alumno/a, especialmente os referidos á adaptación social e as condutas resultantes da interacción destes co medio e o contexto social no que se desenvolven habitualmente.



Diario de aula: nel rexistraranse todo o desenvolvemento diario das clases polo que nos permitirá obter moita información acerca da vida da aula, o traballo do alumnado, o grao de cumprimento da temporalización marcada, análise do tipo de actividades feitas...

Análise das producións do alumnado: Resumos, cadernos de aula, exercicios e problemas, informes sobre investigacións, postas en común, asambleas e entrevistas.

Probas: abertas, de interpretación de datos, resolución de exercicios e problemas, exposicións, probas orais, cuestionarios.

## 6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.

### 6.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

O proceso de ensinanza e aprendizaxe cumprirá os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas (avaliación inicial), para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva, dosificando e estruturando os novos contidos conceptuais a través de mapas, esquemas
- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si solos.
- Fomentar a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno/a poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.
- Favorecer situacións nas que os alumnos deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos, co fin de que resulten motivadoras.
- En coherencia co exposto, aplicaremos unha metodoloxía activa e motivadora, a través:
  - Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.



- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe.
- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
- Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.
- Así mesmo, faremos fincapé na autonomía no proceso de aprendizaxe.

Polo tanto, debemos facilitar e desenvolver nos nosos alumnos/as:

a) A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas, atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.

b) A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.

c) Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.

d) O progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversabilidade do currículo.



e) A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.

f) O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discente e docente.

g) A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.

h) A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.

i) A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.

j) A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.

k) O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.

l) A creatividade de alumnos e de alumnas e de docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.

m) O tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto polas normas.

n) O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

## **6.2. ORGANIZACIÓN DO ESPAZO:**

A organización espacial das nosas experiencias levarémolas a cabo tanto dentro como fóra da aula. Este ano intentaremos realizar un maior número de actividades o aire libre.

## **6.3. ORGANIZACIÓN TEMPORAL:**

Existen unha serie de variables a ter en conta á hora da organización temporal, tales como:

- Variables xerais: horario do centro, faltas de asistencia dos profesores e dos propios nenos/as, ou o número de sesións programadas.
- Variables persoais: a motivación, posibles dificultades ou limitacións particulares na aprendizaxe, o índice de atención e fatigabilidade, ou o malestar físico dos nenos/as.
- Variables didácticas: o desenvolvemento temporal axeitado de cada unidade didáctica ou contido específico a tratar, o número de sesións, o nivel comprensivo e de asimilación de obxectivos, criterios ou actividades de aprendizaxe.

Por iso a duración e obxectivos de cada unidade vai estar supeditada en todo momento ao ritmo dos meus alumnos/as, cambiando, modificando, suprimindo ou ampliando os seus obxectivos, contidos ou metodoloxía, segundo as necesidades, ritmo, estilo de aprendizaxe e motivación de cada un deles.

## **6.4. ORGANIZACIÓN DO GRUPO AULA:**

Para atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, e lograr que os obxectivos e competencias clave que nos propoñemos se leven a cabo, organizaremos diversas formas de agrupamento, contemplando as potencialidades de cada un.



Grupo completo: Xa que a colaboración e o traballo cooperativo favorecen que as aprendizaxes sexan máis enriquecedoras, creando un clima onde exista a cooperación e a distribución de responsabilidades, entendendo distintos puntos de vista, sendo capaces de tomar decisións conxuntas e superando os conflitos. Realizando actividades que fomenten a interacción entre eles, a través de diversas lecturas, explicación de tarefas, xogos, presentación de modelos e tempos dedicados aos faladoiros para mellorar a expresión oral.

Pequeno grupo: para favorecer a interacción cooperativa, a través do xogo ou actividades con grupos máis pequenos, onde realizaremos tarefas máis concretas e estruturadas de tal xeito que poda prestar axudas adecuadas a cada grupo de nenos/as ou parellas, segundo o grao de realización da tarefa.

Actividades individuais: tratase dunha metodoloxía que nos vai permitir que os alumnos se responsabilicen das súas propias actividades, así como para lograr a interacción máis específica entre o neno/a e o meu labor educativo, ao tempo que tratarei de promover estratexias de planificación de acción, para desenvolver neles unha certa autonomía e autoxestión.



## 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Empregaremos diferentes materiais didacticos. Empregaremos os contidos virtuais como guía para realizar a secuenciación das diferentes unidades pero non nos cinguiremos a el dun xeito ríxido. Poderase modificar a temporalización establecida en función das necesidades e intereses do alumnado. Ademáis terán unha especial importancia materiais para desenvolver a creatividade do alumnado e o desenvolvemento das competencias clave. Entre estes materiais destacamos:

- Regletas.
- Instrumentos de medida: regras, balanzas...
- Mapas.
- Xeoplano.
- Cadrados máxicos.
- Figuras xeométricas.
- Folletos de propaganda.
- Prensa.
- Fichas de reforzo e ampliación.
- Baralla de cartas.
- Bingo.
- Xogos de mesa.
- Fichas.
- Textos.

- Libros adaptados (literatura, historia, etc.).
- Material de laboratorio (pipetas, vasos de medidas, etc.)
- Videos
- Recursos web.
- Codigos QR.
- Material de refugallo.
- Ordenadores.
- Recursos TIC (serán imprescindibles debido a participación no Proxecto EDIXGAL).

Debemos destacar neste apartado a importancia do material TIC. Empregaremos o taboleiro dixital de xeito diario, computadoras nas sesións que se precisen para realizar pescudas de informacion ou traballar con recursos virtuais, así como par traballar cos libros dixitais.

O alumnado deberá responsabilizarse do coidado do seu equipo e de comunicar as dificultades que atope para un axeitado seguimento do proceso de aprendizaxe.

Os contidos a empregar ao longo do curso serán os facilitados no entorno virtual de aprendizaxe, EDIXGAL. Como guía empregaremos os contidos da editorial NETEX, EDEBÉ E AULA PLANETA en todas as materias, aínda qe complementaremos o proceso de aprendizaxe con outros recursos.

En caso de que se presenten dificultades para acceder a plataforma ou poder visualizar os materiais na casa facilitaremos diferentes situacións acordes a cada caso para favorecer o aproveitamento do proceso de aprendizaxe.

## **8. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

### **Criterios de cualificación**

Co fin de establecer un criterio obxectivo e equitativo para todo ao alumnado establécense os seguintes criterios de avaliación:

A avaliación estará baseada no progreso do alumnado e no desenvolvemento da Zona de Desenvolvemento Próximo, para valorar este progreso teremos en conta diferentes aspectos como: traballo diario do alumno, resultados acadados en probas orais e/ou escritas, mellora nas súas destrezas para o traballo en equipo, grao de adquisición das competencias clave mediante a adquisición dos estándares de aprendizaxe.

### **Criterios de promoción**

Para promocionar á seguinte etapa educativa o alumnado deberá acadar o grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe avaliable así como acadar un desenvolvemento competencial axeitado en cada unha das Competencias Clave. Deberase ter en conta o establecido no artigo 13 do D.105/2014 polo se regula o Currículo na etapa de Educación primaria.

## 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Avaliaremos a nosa práctica docente e o proceso de ensinanza para realizar as modificacións necesarias. Empregaremos para realizar esta avaliación unha serie de indicadores tales como:

INDICADOR	GRADO DE CONSECUCCIÓN				INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	OBSERVACIÓNS
	1	2	3	4		
GRADO DE SATISFACCIÓN DAS FAMILIAS					ENTREVISTAS COAS FAMILIAS	
GRADO DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO					ENQUIZA PARA O ALUMNADO	
COORDINACIÓN DO EQUIPO DOCENTE					ACTAS DAS SESIÓNS DE COORDINACIÓN	
AVALIACIÓN POSITIVA NOS INDICADORES DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN					TÁBOA DE INDICADORES DA PROGRAMACIÓN	
SUPERACIÓN DA MATERIA POR PARTE DO 80% DO ALUMNADO					ACTAS DE AVALIACIÓN	
GRADO DE SATISFACCIÓN COA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE					DIARIO DE AULA	

## **10. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL (CONSIDERANDO AS CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS DOS INFORMES INDIVIDUALIZADOS ELABORADOS Á FINALIZACION DO CURSO 2020/ 2021) E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.**

Considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2020/2021, na avaliación inicial valorouse o grao de consecución dos estándares de avaliación propios do nivel de cuarto de primaria. Nesta avaliación inicial, fíxose fincapé na determinación do grao de desenvolvemento dos aprendizaxes básicos nas áreas instrumentais:

Áreas de linguas: valorouse tanto a expresión oral, como a escrita (contar das súas vacacións, sobre os seus intereses, gustos...); lectura de textos, valorando, por un lado, a competencia lectora (velocidade, fluidez, entonación...) e, por outro, a comprensión dun texto axeitado á idade (literario e non literario). En canto á gramática, se sabían distinguir un nome (propio ou común), dun adxectivo e dun verbo, así como a concordancia de xénero e número. Tamén, a separación en sílabas e clasificación das palabras segundo a súa entonación (aguda, grave e esdrúxula).

Área de matemáticas: respecto a numeración, valoramos se coñecían números naturais ata a centena de millar, as fraccións e os números decimais ata a centésima, ordenándoos, comparándoos e operando con eles en resolución de problemas sinxelos. Resultou que moitos tiñan dificultade co valor de posición e a maioría non recordaba a numeración decimal. Valoramos as estratexias de cálculo mental e as operacións básicas con números naturais, resultando que moitos nenos descoñecían ou non recordaban como dividir. Respecto ao razoamento de problemas, atopamos moito alumnado que escolle inadecuadamente as operacións que ten que realizar para resolvelos.

Así tamén, dado que este curso o alumnado accede ao programa E-Dixgal, resultou necesaria a avaliación da súa competencia dixital, por medio de escritura dun texto cun procesador (Writer de Open Office): crear, abrir ou



gardar un arquivo ou manexar as ferramentas de edición para cambiar o tipo ou o formato de letra. Tamén, abrir un navegador de internet e realizar unha búsqueda guiada na rede (unha imaxe que debín inserir no arquivo de texto).

Como vimos de dicir, e se explicará no epígrafe seguinte desta programación referido á atención á diversidade, a primeira medida será adecuar a nosa programación didáctica as circunstancias acadas e á situación actual do noso alumnado. Por este motivo, axustaremos os mínimos a esixir durante este curso, en especial, aqueles que fan referencia ás aprendizaxes non adquiridas o curso pasado (punto 3), e reforzaremos aqueles aprendizaxes que se dan por adquiridos pero que na práctica non o están. A finalidade é que o alumnado sexa capaz de acadar os obxectivos establecidos con carácter xeral ao finalizar a etapa de primaria.

Por outra banda, e como xa vimos comentando, reforzaremos as aprendizaxes referidas a áreas instrumentais (área de lingua castelá, lingua galega e matemáticas). Así mesmo, traballaremos, xa desde o comezo do curso, con ferramentas tecnolóxicas: ordenador personal, editores de texto, servizo de mensaxería, plataforma dixital EVA e aula virtual do CEIP de Barouta, etc. O obxectivo é desenvolver a competencia dixital no alumnado, por se nos vísemos nunha nova situación de confinamento de parte ou de todo o grupo-clase. O obxectivo é dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para que sexa quen de continuar o seu proceso de ensino-aprendizaxe a distancia da mellor maneira posible.

No caso do alumnado que así o requira, continuar desenvolvendo o plan de recuperación co que se viña traballando; se é o caso, valoraremos a necesidade de deseñar un plan de recuperación axustado a un alumno/a e materia/a concreta/s.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL.

A medidas de Atención a Diversidade definidas polo D.229/2011 polo que se regula a Atención a Diversidade son aquelas actuacións estratéxicas e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e tendo en conta que no marco deste decreto se consideran medidas ordinarias aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo sen alteracións significativas dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado serán as que poñeremos en práctica, no caso de ser preciso como mestres tutores, contando co asesoramento e participación do Departamento de Orientación do centro. Dentro destas medidas inclúense:

- Organización e xestión da aula as características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado (carácter flexible da programación).
- Adaptacións dos tempos, procedementos e instrumentos de avaliación.
- Reforzo educativo. Adaptación curricular.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.
- Programas de Habilidades Sociais.



No caso de que estas medidas no resultasen suficientes solicitarase a intervención do Departamento de Orientación para elaborar unha Avaliacion Psicopedagoxica.

Para as dificultades que xurdan derivadas da fenda dixital, empregaremos a aula virtual Edixgal dende o comezo de curso, resolvendo as dúbidas que poidan xurdir, acostumando ao alumnado a utilizala para o intercambio de tarefas. Tamén empregaremos de forma complementaria e se o alumnado así o precisa o correo electrónico e a vía telefónica así como aplicacións informáticas de mensaxería.



## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Tendo en conta a actual situación de crise sanitaria, en base á súa evolución decidírase sobre a conveniencia de realizar ou adaptar diferentes actividades.

### **13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitirán avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, como un mecanismo de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora que vaimos atopando.

	<b>A DESTACAR</b>	<b>A MELLORAR</b>	<b>A REVISAR</b>
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

